



MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR CURSO 2021/2022

Este documento recolle os criterios para a modificación e actualización das nosas Programacións Didácticas de Centro 2021-2022, que compoñen a nosa Concreción do Currículo de Educación Primaria, ao respecto da avaliación e segundo dispón a *Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.*

CENTRO: CEIP ESCULTOR ACUÑA
DATA: ABRIL 2022

ÍNDICE	PÁXINA
1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado.	2
2. Criterios xerais para a promoción do alumnado	3
3. Criterios do outorgamento de mencións honoríficas en 6º de Primaria	5
4. Criterios xerais de organización para a modificación das programacións didácticas do curso 2021-2022	6
5. Aprobación e publicidade da modificación da concreción curricular	7

1. CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN DO ALUMNADO

1.1. Criterios xerais de avaliación do alumnado

Os criterios xerais de avaliación son os seguintes:

- A avaliación terá carácter continuo e global tendo en conta o progreso do alumnado en todas as áreas.
- As competencias básicas e o logro dos criterios de avaliación das distintas áreas curriculares serán os referentes principais da avaliación.
- Os instrumentos de avaliación serán variados e adaptados ás necesidades do alumnado: probas escritas, orais, cadernos de traballo, elaboración de proxectos individuais e colectivos, portfolios educativos, exposicións orais e creativas, participación diaria no proceso de ensino e aprendizaxe, tarefas extraescolares, etc.
- A cualificación das evidencias de avaliación do alumnado estará repartida e ponderada en dous niveis de desenvolvemento educativo:
 - a. Logro académico global
 - b. Participación na construción das aprendizaxes

A porcentaxe e importancia destes aspectos estará recollida na programación de cada ciclo educativo.

1.2. Criterios da avaliación progresiva nas tres avaliacións do calendario escolar

Ao finalizar cada período avaliativo do calendario escolar (*normalmente decembro, marzo e xuño*) haberá una avaliación progresiva das aprendizaxes acadadas e non acadadas polo alumnado que terá o seu reflexo no seu Boletín de Avaliación Trimestral e a súa comunicación, ao mesmo tempo, pola aplicación Abalarmobil ás familias.

Os criterios para a valoración e cualificación en cada período avaliativo (1ª-2ª-3ª e ordinaria final) seguirán os criterios de avaliación xerais reflexados no punto 1.1.

1.3. Criterios da avaliación final de curso (avaliación ordinaria final)

Para a realización da avaliación final ordinaria, estes serán os criterios a seguir:

- No caso de que as tres avaliacións figuren como aprobadas a media da cualificación será **positiva (Aprobada)** e ponderada, primando á terceira avaliación cun 40%, sobre o 30% das dúas restantes.
- No caso de que as tres avaliacións estean suspensas a ordinaria figurará como **“Suspensa”**.
- No caso de que a so sexa a terceira avaliación a suspensa farase unha avaliación individual de criterios mínimos esixibles da área reflexados na programación didáctica, consignando a nota como **“Aprobado”** se o 70% dos criterios están conseguidos.
- No caso de que a terceira avaliación estea aprobada pero as anteriores (algunha ou ambas) suspensas a cualificación final será **“Aprobado”** sempre que a evolución continua do alumno/a mostre que acada a maioría (70%) dos criterios mínimos esixibles da área reflexados na programación didáctica.

2. CRITERIOS XERAIS PARA A PROMOCIÓN DO ALUMNADO

2.1. Criterios xerais de promoción do alumnado de ciclo educativo	<p>Os criterios de promoción para o presente curso académico son os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none">▪ O alumnado de 1º, 3º e 5º de Educación Primaria promocionará de forma automática o seguinte curso (2º-4º e 6º).▪ O alumnado de 2º, 4º e 6º de Educación Primaria promocionará ao seguinte ciclo ou etapa educativa (3º, 5º cursos de Primaria e 1º ESO) segundo o recollido na programación didáctica correspondente e estará en función do logro dos obxectivos de etapa, das competencias básicas, dos resultados académicos nas distintas áreas educativas tendo como referentes os criterios de avaliación e no seu grao de madurez para afrontar o seguinte curso. Esta decisión será tomada ao final do curso académico polo equipo educativo de cada curso, tomando como especial referencia a opinión da persoa titora e unha vez oída a opinión da familia, que non será vinculante. No seguinte apartado quedan expostos os criterios, de xeito detallado:
2.2 Criterios detallados de promoción do alumnado de ciclo educativo	<ul style="list-style-type: none">▪ Que o/a alumno/a acade a cualificación positiva en todas as áreas. Neste caso promociona de ciclo ou etapa.▪ Que o/a alumno/a xa teña repetido unha vez na etapa polo que non pode repetir máis. Neste caso promocionará de curso ou etapa por imperativo legal.▪ Que o/a alumno/a non acade a avaliación positiva en todas as áreas. Neste caso considerarase a conveniencia de que o alumno promocione ou non ao ciclo ou etapa seguinte, a partires da análise dos seguintes criterios:<ul style="list-style-type: none">a. Valoración do progreso en cada unha das áreas. O carácter global da avaliación na Educación Primaria, permite que o profesorado poida adoptar medidas de promoción valorando o distinto peso formativo que poidan ter as distintas áreas. Pode darse o caso de que determinados alumnos promocionen con avaliación negativa nunha ou varias áreas. Con todo, convén matizar nestes casos as carencias específicas.b. A conveniencia de permanecer nun curso determinado para acadar con maior solidez as aprendizaxes básicas, especialmente polo que se refire aos primeiros cursos, no que o alumno vai a aprender as técnicas instrumentais que lle serán imprescindibles para progresar nos seguintes.

	<ul style="list-style-type: none"> c. As repercusións, positivas ou negativas, que o cambio de grupo pode ter sobre o alumno, segundo o seu grao de integración, carácter e personalidade, etc. d. A actitude cara o traballo, o progreso e o esforzo en función das súas capacidades. e. A opinión de pais ou titores legais, que serán informados e escoitados previamente das medidas que se tomen. f. A consulta ó Departamento de Orientación do Centro nos casos que proceda. g. Calquera outra consideración particular que poida ser oportuna
<p>2.3 Criterios para a recuperación de aprendizaxes en caso de promoción con áreas suspensas</p>	<p>O alumnado que promocióne de xeito automático de curso educativo ou promocióne de ciclo educativo seguirá un programa individualizado que será proposto pola persoa titora ao equipo docente e á familia do alumnado. Este programa de intervención estará supervisado pola xefatura do centro cos apoios correspondentes, de ser o caso.</p>
<p>2.4 Criterios para a recuperación de aprendizaxes en caso de non promoción</p>	<p>O alumnado que non promocióne de ciclo educativo seguirá un programa individualizado específico que será proposto pola persoa titora ao equipo docente e á familia do alumnado. Este programa de intervención estará supervisado pola xefatura do centro cos apoios correspondentes, de ser o caso.</p>

3. CRITERIOS DO OUTORGAMENTO DE MENCIÓNS HONORÍFICAS (PRIMARIA)

3.1. Criterios xerais	Os criterios de outorgamento de mencións honoríficas no 6º curso de primaria estarán expostos na programación didáctica deste curso.
3.2. Criterios para a mención honorífica en 6º de primaria	<p>Para acadar a mención honorífica teñen que darse os seguintes tres criterios de xeito simultáneo:</p> <ul style="list-style-type: none">▪ Acadar na/s área/s da solicitude de mención honorífica unha cualificación de sobresaínte, cunha nota de 10 puntos ao longo das tres avaliacións trimestrais e na avaliación ordinaria.▪ Acadar cunha nota media global nas áreas do curso mínima de 9.00▪ Acadar nas rúbricas dos criterios de avaliación da/s área/s a máxima cualificación (excelente)

4. CRITERIOS XERAIS DE ORGANIZACIÓN NA MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS DO CURSO 2021/2022

Os criterios organizativos para a modificación das programacións didácticas conforme a Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia son os seguintes:

4.1	Comunicación por parte do Equipo Directivo á CCP da nova normativa de avaliación e o estudo das modificacións da Concreción Curricular no seo da CCP.
4.2	Revisión e modificacións dos criterios de avaliación e promoción de ciclo na CCP, criterios de elaboración de programas de reforzo e apoio ao alumnado que promociona con áreas suspensas e alumnado repetidor e os criterios de mención honorífica en 6º de primaria
4.3	Remisión aos equipos dos distintos cursos da proposta inicial da CCP para a súa revisión, modificación ou ampliación.
4.4.	Elaboración final pola CCP das modificacións aportadas dende a CCP e dos equipos de nivel sobre os distintos aspectos de promoción, programas de apoio e reforzo e mención honorífica nas distintas programacións de Educación Primaria.
4.5.	Aprobación final polo Claustro con data 29 de marzo de 2022
4.6.	Traslado á Inspección Educativa para a súa supervisión e aprobación

5. PUBLICIDADE

5.1. Documentos informativos	<ul style="list-style-type: none">• Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia• Documento da modificación da Concreción Curricular.• Programacións modificadas ao abeiro da Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia
5.2. Medios de publicidade	<ul style="list-style-type: none">• Páxina web do centro<ul style="list-style-type: none">○ Bloque “O Centro”• Comunicación Abalar ás familias